

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de xaneiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 34269 (12/PNC-002973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego orientadas a aprobar unha nova lei de Administración local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260f1, do 25.09.2025
2. 37789 (12/PNC-003279)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 279f1, do 05.11.2025
3. 40588 (12/PNC-003507)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para o impulso da mobilidade e a promoción profesional no ámbito dos servizos sociais da Administración autonómica galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299f1, do 11.12.2025
4. 43866 (12/PNC-003581)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 7 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que a xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos tribunais de instancia dos partidos xudiciais de Ourense e Santiago de Compostela se circunscriba aos respectivos partidos xudiciais
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 310f1, do 09.01.2026

Asinado o día 16/01/2026 ás
15:35
Por Julio García Comesaña



5. 44384 (12/PNC-003591)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a defensa da política de cohesión e dos sectores estratéxicos de Galicia ante a proposta da Comisión Europea para o futuro Marco financeiro plurianual e a exixencia dunha posición clara e pública do Goberno de España
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 315f1, do 16.01.2026

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2026

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 16/01/2026 15:35:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 16/01/2026 15:48:47
Nº Rexistro: 11849
Data envío: 16/01/2026 15:48:47.972

CSV: REXPG-mwYmkerem-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 15:48:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 16/01/2026 15:48:47
Nº Rexistro: 11849
Data envío: 16/01/2026 15:48:47.972

CSV: REXPG-mwYmkerem-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Julio García Comesaña	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

María Cristina Fernández Davila	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Óscar Insua Lema	BNG
Argimiro Marnotes Fernández	P
Paula Mouzo Mas	P
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Paula Prado del Río	P
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Iria Taibo Corsanego	BNG
Katherinie Varela Fernández	P

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34269(12/PNC-002973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
orientadas a aprobar unha nova lei de Administración local

Publicación da iniciativa, 260f1, 25.09.2025



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2025 12:13:18
Nº Rexistro: 34269
Data envío: 18/09/2025 12:13:18.339

Asinado o día 18/09/2025 ás 12:11
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de aprobar unha nova Lei de Administración Local de Galiza e un novo modelo de financiamento dos concellos.

Asinado o día 18/09/2025 ás 12:11
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Lei de Administración Local de Galiza, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, foi aprobada hai máis de vinte anos, nun contexto socioeconómico e político moi diferente ao actual. Desde entón, producíronse profundas transformacións na sociedade galega: cambios demográficos, despoboamento do rural, emerxencia climática, avances tecnolóxicos e novidosos procedementos administrativos, maiores esixencias de transparencia e participación cidadá, e unha crecente demanda de servizos públicos próximos e de calidade, cuxos custes tamén aumentaron de forma considerable. Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía e desempeñan un papel esencial na garantía dos dereitos sociais, no impulso do desenvolvemento local sustentable e na cohesión territorial. Porén, seguen a estar infrafinanciados, cun marco competencial obsoleto e vago na delimitación e sen os instrumentos necesarios para exercer con plenas garantías o seu autogoberno. A vixente lei non responde ás necesidades actuais dun municipalismo forte, democrático, participativo, feminista e vertebrador do territorio. Por iso, resulta imprescindible impulsar unha nova Lei de Administración Local de Galiza, construída

Asinado o día 18/09/2025 ás 12:11
Por Óscar Insua Lema

CSV: REVPG-08BDZFJ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



desde abaixo, co diálogo cos concellos, coas deputacións e co conxunto da sociedade civil galega.

Esta semana celebrouse na Coruña o congreso “40 anos de Bases de Réxime local e do control externo local de Galiza” organizado polo Consello de Contas de Galiza e a Deputación da Coruña, reunindo a expertos, profesores, xuristas e funcionarios de todo o Estado español que coincidían na análise e no diagnóstico da actual problemática existente nas entidades locais, pero tamén na reiterada ausencia de decisións políticas de quen ostentou responsabilidades para tomalas. A propia Directora Xeral da Administración Local, que participou na última mesa das xornadas, comentaba que entre outras cousas era necesario renovar a normativa vixente e aprobar unha nova lei da que xa dispoñían dun borrador. Mais este anuncio o levamos escoitando ano tras ano, dende hai moito tempo cada vez que se tramita a lei de orzamentos da Xunta de Galiza, vén recollido incluso nas memorias e nunca se chegou a presentar un anteproxecto de lei para ser tramitado no Parlamento Galego.

De todos é sabido que os concellos son a primeira liña de resposta ás necesidades da veciñanza. Son a administración máis próxima, a primeira á que chaman á porta, máis coñecedora do territorio e das súas realidades sociais, económicas e ambientais. Con todo, seguen a estar infradotados economicamente e cada vez máis limitados por lexislacións autonómicas, estatais e europeas que restrinxen a súa autonomía, ao impoñer obrigas e competencias sen consensuais e sen acompañalas do debido financiamento, dígase obrigas en materia de prevención de incendios ou de residuos urbanos, dígase obrigas na lei do benestar animal.

Un dos principais obstáculos nos últimos anos foi a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coñecida como *Lei Montoro*. Que entre outras cousas, intentou sen éxito delimitar novamente as competencias, mais conseguiu limitar a capacidade de gasto público aínda en contextos



de superávit e introducir criterios economicistas que dificultaron a prestación de servizos esenciais no ámbito local, especialmente nos concellos pequenos e no rural, servizos que cada día custan máis.

A aplicación desta lei demostrou ser en parte ineficaz para garantir a sostibilidade ou a eficiencia do sistema local, e xerou importantes disfuncións: paralización de iniciativas municipais, redución de servizos públicos de proximidade, intensificación da confusión competencial, dificultades para a contratación de persoal e a execución de investimentos. Cabe lembrar que foi o propio Tribunal Constitucionall o que mediante a Sentenza 41/2016 declarou varios dos seus artigos inconstitucionais e tampouco se cumpriu o mandato de elaborar unha nova lei de facendas locais que substituíra o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, resulta urxente avanzar cara a un novo marco normativo galego que non só actualice a Lei 5/1997, do 22 de xullo, senón que afronte de maneira clara a superación da fallida e estrelada *Lei Montoro*, devolvendo aos concellos a capacidade de actuar con autonomía, eficiencia e responsabilidade social e que recolla un novo modelo de financiamento dos concellos, máis transparente e con criterios obxectivos que eliminen a discrecionalidade e o incondicionamento das transferencias.

Cómpre unha nova **Lei de Administración Local de Galiza** que:

- Reforce o autogoberno local e a democracia participativa.
- Delimite as competencias municipais.
- Estableza un renovado sistema de financiamento local xusto e suficiente.



- Impulsa a cooperación entre concellos e a vertebración do territorio.
- Faga fronte ás desigualdades territoriais e ao despoboamento.
- Promova a planificación pública desde criterios de equidade, sustentabilidade e cohesión social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Presentar de forma inmediata o borrador da nova lei da administración local de Galiza aos grupos parlamentarios e á FEGAMP para o seu estudo.
2. Iniciar a tramitación lexislativa para aprobar unha nova lei da administración local de Galiza
3. Namentres non se aproba de forma definitiva esta nova lei, garantir unha financiación suficiente, equitativa e estable aos concellos, aumentando o Fondo base do Fondo de Cooperación Local co 50% dos recursos que dende a Xunta de Galiza destinan de forma global aos concellos nos vindeiros orzamentos para o ano 2026, como mínimo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 18/09/2025 12:11:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/09/2025 12:11:30

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2025 12:11:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2025 12:13:18
Nº Rexistro: 34269
Data envío: 18/09/2025 12:13:18.339

CSV REXPC-C18BDZF-J-5
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/09/2025 12:13:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2025 12:13:18
Nº Rexistro: 34269
Data envío: 18/09/2025 12:13:18.339

CSV REXPC-C18BDZF-J-5
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 37789(12/PNC-003279)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta

Publicación da iniciativa, 279f1, 05.11.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:15
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como quenda de oficio, constitúe un servizo público esencial que garante o acceso efectivo á tutela xudicial e á igualdade ante a lei das persoas con menos recursos.

A xestión deste servizo recae directamente nos colexios da avogacía galega, coordinados polo Consello da Avogacía Galega, que asumen funcións fundamentais como a organización das quendas, a verificación e tramitación de solicitudes, o control das designacións, a xestión de pagos e o seguimento administrativo das actuacións profesionais.

Esta actividade administrativa require unha estrutura técnica, recursos humanos e medios materiais estables, sen os cales non sería posible garantir o funcionamento ordinario do servizo nin a súa cobertura territorial.

Porén, a achega económica que a Xunta de Galicia destina á compensación destes custos leva anos conxelada e resulta claramente insuficiente, xa que apenas cobre arredor do 8 % do gasto real xustificado polos colexios profesionais.

Isto obriga ás corporacións colexiais a asumir co seu propio orzamento o 92 % restante, o que supón un importante esforzo económico e organizativo que non lles corresponde asumir, tratándose dun servizo público financiado e promovido pola Administración autonómica.

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:14
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:14
Por Paloma Castro Rey

CSM-REXPG-ZY6azyZM-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128

Esta situación está a xerar tensións financeiras e dificultades na xestión, ao tempo que desincentiva o mantemento de persoal especializado e a modernización das ferramentas administrativas necesarias para un servizo de calidade.

Por todo o anterior, considérase imprescindible revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

CSV REXPO-ZY8aazZM-6
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/10/2025 12:14:45

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2025 12:14:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2025 12:15:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128

CSV REXPO-ZY8azZM-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:18:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128



CSV REXPO-ZY8azZM-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 40588(12/PNC-003507)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para o impulso da mobilidade e a promoción profesional no ámbito dos servizos sociais da Administración autonómica galega

Publicación da iniciativa, 299f1, 11.12.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1ª**.

O pasado 15 de outubro tivo lugar unha reunión entre deputadas do Grupo Parlamentario Socialista e traballadoras da escala de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Nela trasladouse unha situación de profunda precariedade que se arrastra dende hai máis dunha década, afectando a milleiros de profesionais que desempeñan tarefas esenciais nunha das áreas máis sensibles da Administración galega.

As empregadas públicas da escala de Servizos Sociais levan 13 anos sen un concurso de traslados, unha anomalía administrativa que impide a mobilidade voluntaria, limita dereitos básicos, xera inestabilidade vital e profesional e incumpre tanto o principio de periodicidade recollido na normativa como as boas prácticas en materia de función pública.

A isto engádese a práctica inexistencia de oportunidades reais de promoción profesional, o que consolida un modelo organizativo no que o persoal permanece estancado, sen itinerarios claros de carreira, sen recoñecemento da experiencia acumulada e sen instrumentos para mellorar a súa cualificación ou progresar dentro da Administración.

A discriminación tamén se manifesta no acceso ás xefaturas e responsabilidades de coordinación, onde continúan producíndose nomeamentos discrecionais que non garanten a igualdade de oportunidades nin a concorrência competitiva. Estas prácticas resultan aínda máis graves nunha escala altamente feminizada, na que a falta de transparencia e de mobilidade profesional impacta de maneira

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:33
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 04/12/2025 ás
16:32
Por Patricia Iglesias Rey

CSX-REVPG-HmWvNnC-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142

directa nas condicións laborais das mulleres e na perpetuación de desigualdades estruturais.

Adicionalmente, o persoal de Servizos Sociais da Xunta sofre unha sobrecarga laboral crecente en áreas especialmente sensibles como:

- o IMELGA, onde a carga pericial é cada vez maior e se trasladan ao persoal responsabilidades sen reforzos suficientes;
- o ámbito da dependencia, con listas de agarda extensas e avaliacións acumuladas;
- o sistema de protección de menores, que afronta unha complexidade crecente con equipos infradotados;
- a área de discapacidade, tamén afectada pola falta de reforzos, incremento de expedientes e atrasos na tramitación.

A resposta do Goberno galego fronte a esta realidade non foi o reforzo dos equipos nin a creación de máis prazas, senón unha tendencia progresiva á externalización e privatización de servizos sociais, como se observa na derivación de funcións do IMELGA cara dispositivos externos. Esta estratexia debilita o sistema público, aumenta a inestabilidade e resta capacidade técnica aos servizos propios da Administración.

Todo isto conforma un escenario insostible que require unha resposta inmediata: é necesario convocar concursos, activar procesos de promoción, garantir transparencia nas xefaturas, frear a privatización e reforzar de maneira urxente os equipos profesionais que atenden á cidadanía en ámbitos de especial protección.

CSV REXPO-kmkyhnc-6
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar a elección de destino dos postos de traballo do concurso de traslados da escala de Servizos Sociais, garantindo que se inclúan todas as prazas da convocatoria inicial, conforme aos principios de transparencia, igualdade, mérito e capacidade.
2. Remitir ao Parlamento de Galicia un informe detallado sobre os postos ofertados no concurso de traslados da escala de Servizos Sociais afectados por recursos xudiciais ou medidas cautelares, especificando:
 - o código de praza,
 - o nivel profesional,
 - o e a situación xurídico-administrativa concreta de cada posto.
3. Pór en marcha un plan real de promoción profesional para o persoal desta escala, que inclúa itinerarios claros de carreira, procesos de promoción interna e medidas de recoñecemento da experiencia profesional acumulada.
4. Limitar o abuso discrecional da provisión de postos de niveis altos das comisións de servizos.
5. Garantir procesos transparentes, obxectivos e concorrencias de acceso ás xefaturas e postos de responsabilidade, evitando prácticas discrecionais e asegurando a igualdade de oportunidades nunha escala amplamente feminizada.



CSV REXPO-KmkyhNc-6
Verificado
<https://seida.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142

6. Reforzar con empregadas públicas de maneira inmediata os equipos de Servizos Sociais, especialmente nos ámbitos do IMELGA, dependencia, menores e discapacidade, garantindo recursos humanos suficientes para atender o volume de traballo e evitar situacións de saturación e risco para a correcta prestación do servizo.
7. Rexeitar a externalización e privatización dos servizos sociais públicos, recuperando para a Administración galega aqueles ámbitos nos que xa se produciu unha derivación cara a entidades externas, como no caso do IMELGA.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025



CSV REXPO-kmkkyhC-6
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/12/2025 16:32:00

Paloma Castro Rey na data 04/12/2025 16:33:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142



CSV: REXPG-kmkkyhC-6

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 16:36:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 16:36:16
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 04/12/2025 16:36:16.142



CSV REXPG-kmkkyhrc-6

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 43866(12/PNC-003581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 7 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que a xurisdición das seccións de violencia sobre a muller dos tribunais de instancia dos partidos xudiciais de Ourense e Santiago de Compostela se circunscriba aos respectivos partidos xudiciais

Publicación iniciativa carácter urxencia, 310f1, 09.01.2026

Por Cristina Fernández Davila



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:22
Nº Rexistro: 43866
Data envío: 02/01/2026 13:47:22.133

Asinado o día 02/01/2026
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e das deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Rosana Pérez Fernández, Oscar Insua Lema, Secundino Fernández Fernández, Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a extensión das competencias en Violencia sobre a Muller dos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Ourense e Santiago de Compostela.

Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:32
Por Noa Presas Bergantiños

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola recente entrada en vixencia dunha medida prexudicial para as vítimas de violencia machista e a necesidade de non adiar a súa revogación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Real Decreto 422/2025 acordouse a creación de prazas xudiciais en seccións de VSM de distintos Tribunais de Instancia de Galiza. Nos casos dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña a creación das prazas xudiciais non supuxo un incremento da planta xudicial, senón que foi mediante a transformación de prazas xudiciais de instrución. A reacción contraria á medida pola practica totalidade dos operadores xurídicos e tamén de numerosas organizacións políticas e sindicais implicou que o Goberno do Estado comprometérase a súa revogación.

Asinado o día 02/01/2026 ás
13:31
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSM-REXPG-4IG8ICR-4
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



No devandito Real Decreto acordouse a creación “ex novo” de seccións específicas de VSM nos Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela, decidíndose simultaneamente a extensión da súa xurisdición aos partidos xudiciais de Verín, Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia, Celanova e Bande, no primeiro caso; e de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes, no segundo.

Malia que a adopción dos acordos sinalados non tiveron a oposición da Xunta de Galiza, o Pleno do Parlamento de Galiza a instancias do Grupo Parlamentar do BNG acordou instar a Xunta de Galiza a:

- Crear seccións de violencia sobre a muller nos tribunais de instancia dos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, sen que supoña a eliminación de prazas das sección de instrución, nin a posterior extensión da súa xurisdición a outros partidos xudiciais;

- Incrementar o cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, cando menos en correspondencia coas novas prazas xudiciais que se propón crear.»

Esta previsto que co novo ano entren en funcionamento os Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago e que as seccións de VSM estendan a súa xurisdicións a todos os partidos xudiciais sinalados no Real Decreto de xuño, a costa da redución das competencias dos Tribunais de Instancia de partidos xudiciais do rural galego.

Considerando que a medida adoptada en nada vai mellorar a atención ás vítimas de violencia machista, vai ser prexudicial para o funcionamento da administración de xustiza e para o necesario equilibrio territorial; dende o Grupo Parlamentar o BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:22
Nº Rexistro: 43866
Data envío: 02/01/2026 13:47:22.133

formulamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as xestións necesarias para que, modificando o disposto no R.D. 422/2025, a xurisdición das Seccións de Violencia sobre a Muller dos Tribunais de Instancia de Ourense e Santiago de Compostela se circunscriban aos respectivos partidos xudiciais.”

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2026

CSV REXPO-41G6ICR-4
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/01/2026 13:31:40
Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2026 13:32:26
Secundino Fernández Fernández na data 02/01/2026 13:34:04
Rosana Pérez Fernández na data 02/01/2026 13:34:50
Óscar Insua Lema na data 02/01/2026 13:37:13
Cristina Fernández Davila na data 02/01/2026 13:37:26
Iria Taibo Corsanego na data 02/01/2026 13:37:43
Iago Suárez Fernández na data 02/01/2026 13:37:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:22
Nº Rexistro: 43866
Data envío: 02/01/2026 13:47:22.133

CSV REXPO-41G8ICR-4
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 13:47:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 13:47:22
Nº Rexistro: 43866
Data envío: 02/01/2026 13:47:22.133

CSV REXPO-siG6ICR-4
Validar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.01.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 44384(12/PNC-003591)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a defensa da política de cohesión e dos sectores
estratéxicos de Galicia ante a proposta da Comisión Europea
para o futuro Marco financeiro plurianual e a exixencia dunha
posición clara e pública do Goberno de España

Publicación da iniciativa, 315f1, 16.01.2026

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo e María Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

A política de cohesión é un dos pilares esenciais do proxecto europeo e un instrumento irrenunciable para garantir a igualdade de oportunidades entre territorios. Para Galicia, esta política foi determinante na modernización de infraestruturas, o apoio ao sector primario, o desenvolvemento rural e urbano, a mellora da conectividade, o impulso industrial e a corrección de desequilibrios estruturais derivados da dispersión territorial, o envellecemento demográfico e a transición económica.

A proposta inicial presentada pola Comisión Europea para o Marco Financeiro Plurianual posterior a 2027 introduce un cambio de modelo que supón unha ameaza directa para a política de cohesión tal e como foi concibida ata agora. A concentración de fondos en instrumentos de carácter xeral, o reforzo de plans nacionais únicos e a tendencia a unha maior centralización na toma de decisións pon en risco a cohesión económica, social e territorial recollida nos Tratados da Unión Europea.

Estas orientacións non so debilitan o papel das rexións, senón que prexudican de forma directa a comunidades como Galicia, con realidades económicas, sociais e territoriais específicas que non poden ser atendidas mediante solucións uniformes nin desde enfoques centralizados.

Ante esta situación, a delegación española no Comité Europeo das Rexións aprobou a denominada “Declaración Galicia”, un documento conxunto que constitúe unha posición clara e firme en defensa dunha política de cohesión diferenciada, con orzamento propio, gobernanza multinivel real e recoñecemento efectivo do papel das comunidades autónomas como autoridades de xestión.

A declaración alerta, ademais, do impacto negativo que tería este cambio de modelo sobre sectores estratéxicos para Galicia, como a agricultura, a gandería, a pesca, o desenvolvemento rural, a política urbana integrada, a industria, o transporte e a reto

Asinado o día 07/01/2026 ás
18:04
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 07/01/2026 18:05:35.169

demográfico, ámbitos todos eles que requiren políticas específicas, estables e adaptadas ás singularidades territoriais.

Resulta especialmente preocupante que, nun debate desta magnitude, o Goberno de España non fixara nin fixera pública unha posición clara, mantendo unha actitude de indefinición que debilita a defensa dos intereses das comunidades autónomas e xera incerteza sobre o futuro de políticas esenciais para Galicia.

A ausencia dunha postura explícita por parte do Goberno central supón unha falla de transparencia e de lealdade institucional, e coloca a Galicia e ao conxunto das comunidades autónomas nunha posición sen precedentes no proceso de negociación europea.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, consideran imprescindible manifestar o seu rexeitamento a calquera intento de centralización da política de cohesión e esixir ao Goberno de España un posicionamento claro, público e firme, alienado coa defensa dos intereses territoriais e cos principios recollidos na “Declaración Galicia”

É polo que, a tal fin, presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Manifestar o seu rexeitamento frontal á proposta da Comisión Europea naqueles aspectos que supoña a dilución da política de cohesión, a centralización da xestión dos fondos europeos ou a perda de criterios obxectivos e transparentes de asignación territorial.
2. Defender con firmeza unha política de cohesión diferenciada, con orzamento propio e suficiente, baseada na gobernanza multinivel e na xestión compartida, garantindo a participación efectiva das comunidades autónomas en todas as fases do proceso.
3. Esixir o recoñecemento expreso das comunidades autónomas como autoridades de xestión dos fondos europeos no ámbito das súas competencias, de conformidade co principio de subsidiariedade co papel que viñeron desempeñando de maneira eficaz.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXPO-dUDNzAPu-5
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 07/01/2026 18:05:35.169

4. Defender de xeito prioritario os sectores estratéxicos para Galicia, reclamando:
 - a. Unha Política Agraria Común forte, estable e axeitadamente financiada, que garanta a viabilidade do sector agrario e o mantemento do medio rural.
 - b. Unha política pesqueira que respecte as especificidades das rexións costeiras, o peso socioeconómico do sector e a sostibilidade da actividade.
 - c. Instrumentos específicos e suficientes para o desenvolvemento rural, a política urbana integrada, a industria, a innovación, o transporte e a conectividade, e a loita contra el reto demográfico.
5. Instar ao Goberno de España a que, de maneira inmediata, defina e faga pública a súa posición oficial sobre a proposta da Comisión Europea relativa ao futuro Marco Financeiro Plurianual, trasladándoa ás comunidades autónomas e defendéndoa activamente ante as institucións europeas.
6. Esixir ao Goberno de España que incorpore de forma real e efectiva ás comunidades autónomas no proceso de negociación do futuro Marco Financeiro Plurianual, poñendo fin a calquera proposta unilateral e garantindo a transparencia e a lealdade institucional.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 07/01/2026 18:04:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 07/01/2026 18:05:35.169

CSV REXPO-dUDNzApU-5
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 18:05:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44384
Data envío: 07/01/2026 18:05:35.169

CSV REXPO-dUDNzApU-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

